

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA

OCUPESCA 2019



XUNTA DE GALICIA

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS
SECTORES DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN
GALICIA

OCUPESCA 2019



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Santiago de Compostela
2021

**Servizo de Análise e de Rexistros
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica**

Praza de Europa 5ª - 4º Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 547 468
Enderezo electrónico: sarex.mar@xunta.gal

Elaboración:

Servizo de Análise e de Rexistros

Entidades colaboradoras:

Instituto Galego de Estatística (IGE),
Sivsa, Soluciones Informáticas, SA

Traballo de campo:

Instituto Sondaxe, SL

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Mar

Deseño e maquetación:

Instituto Sondaxe, SL

Agradecementos:

A todas as persoas enquisadas dos sectores galegos da pesca e da acuicultura mariña que facilitaron a información necesaria para obter os resultados da presente publicación.

ÍNDICE

PRÓLOGO

INTRODUCCIÓN

METODOLOGÍA

PRINCIPALES RESULTADOS

1 PESCA EXTRACTIVA

- 1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO
- 1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN
- 1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

2 ACUICULTURA MARIÑA

- 2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO
- 2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

3 DATOS ECONÓMICOS

- 3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA
- 3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

PRÓLOGO

Unha década nunha vida dunha persoa pode ser moito ou pouco. Incluso unha persoa nun sector pode ser moito ou pouco. Mais a evolución dun sector durante unha década marcada polas persoas que o compoñen é importante. Supón un trazo na Historia e si se trata dun sector coma o marítimo-pesqueiro galego, ese trazo que marcan as xentes do mar toma visos de sumo interese para a nosa comunidade.

Cinco enquisas de Ocupesca marcan hoxe ese trazo xeral do sector en termos socioeconómicos. Esas historias individuais marcan unha historia con maiúsculas que reflicte o seu rumbo nesta ferramenta que acredita a evolución desas dúas partes, a económica e a social, que complementan ao ambiental nun equilibrio que debe soste a actividade, tal é como se sinala na Política Común de Pesca.

Mais ese trazo agregado é, como ben dicía, a suma de moitas historias individuais. Son historias de sacrificio, de dedicación, de traballo, de saber facer. Son historias que, cando un barco se despeza ou unha actividade acuícola se pecha, non volven atrás. Con cada persoa vaise unha historia, e iso non queremos que suceda, porque para seguir facendo a historia do mar de Galicia fan falla moitas persoas que marquen a intensidade e o grosor do trazo.

Queremos un Rendemento Máximo de Persoas acuicultoras e mariñeiras, que teñan a súa actividade afirmada na rendibilidade e no sustento laboral. Queremos que o trazo da parte social e económica sexa positivo e para ver cara a onde vai ese trazo temos o OCUPESCA.

A imaxe de 2019 reflicte que nos últimos anos temos un trazo social que se torna estable despois de asumir os axustes dunha crise que, con todo, soportaron coma un temporal e onde aguantaron mellor ca outros sectores de actividade. Así, o emprego neste sector mantense case en equilibrio desde 2017, cunha ínfima baixa do 0,19%, e mantén datos positivos na pesca na comparanza co 2015 (+216 persoas) e da acuicultura en relación a 2013 (+161 persoas).

Se contemplamos o trazo económico desta actividade, vemos como, a pesar dos vaivéns da economía, este se mantén firme e cara arriba, facendo que eses movementos económicos xerais teñan solo tendencia positiva no eido marítimo-pesqueiro, superando tanto na facturación coma no índice de euros por ocupado a liña xeral marcada polo IPC.

Na pesca, a facturación veu medrando de forma xeral ata acadar un 22% máis ca en 2010, o que eleva os ingresos medios por tripulante nun 53% desde ese mesmo ano, feito que ten un fito relevante na mellora dos ingresos medios por persoa no segmento das artes menores, con 30 puntos porcentuais por riba desa media por tripulante. Na acuicultura, esa mellora é perceptible tamén, subindo a facturación e a media por empregado no entorno do 18% con respecto a 2012, ano no que a actividade tocou fondo xunto coa situación económica xeral.

Tendo en conta estes trazos, non cabe dúbida de que desta imaxe debemos sacar unha conclusión sobranceira: a necesidade de manter firme e en positivo a evolución dos eidos sociais e económicos desta actividade. Para iso precisamos certeza e seguridade no pulso que marca a evolución do debuxo, e ambas veñen marcadas polo deseño dun marco estable nos planos da ordenación e xestión das actividades do mar.

Sirvan para exemplificar esa necesidade en aspectos coma o das afectacións que diversas normativas teñen sobre o palangre de superficie, que é o segmento que máis medra en termos laborais desde 2017, ou da necesaria certeza e estabilidade das condicións do desenvolvemento da acuicultura, que tamén medra neste bienio que analiza este Ocupesca 2019 que agora temos ao noso dispor.

Todo iso marca o trazo que debuxa a nosa historia, e esta debe continuar sumando cantos protagonistas poidamos. Para darnos reflexo da súa evolución estará esta enquisa Ocupesca onde os números se tornan imaxe.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

INTRODUCCIÓN

OCUPESCA 2019 é a quinta publicación dunha serie comezada o ano 2011 cos obxectivos de obter unha imaxe real das dimensións sociais e económicas da pesca e da acuicultura mariña en Galicia mediante o coñecemento da poboación ocupada e das características económicas dos buques pesqueiros e das empresas de acuicultura.

A presente edición está realizada sobre os buques con porto base en Galicia e sobre os establecementos acuícolas que figuraban nos rexistros durante o ano 2019.

Como complemento ao obxectivo principal de obter unha visión actualizada de ambos sectores, con esta quinta edición vai collendo corpo unha perspectiva histórica que pon en valor o traballo realizado durante as anteriores edicións.

A operación Ocupesca 2019 está programada no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 como a operación 3205-01 "Enquisa de ocupación na pesca".

A coordinación do proxecto, o deseño da mostra e a obtención dos resultados a partir da base de datos levouse a cabo dende a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. O traballo de campo desenvolveuno a empresa Instituto Sondaxe, SL.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) achegou importantes suxestións á parte xeral e, de xeito máis específico, colaborou no referente ás características económicas, tanto na fase de deseño dos cuestionarios coma na obtención dos resultados.

METODOLOXÍA

O universo da enquisa Ocupesca na súa edición de 2019 está composto, no caso da pesca extractiva, polo conxunto dos buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso da acuicultura, polas empresas que posúen establecementos de cultivo mariños en Galicia de tipo criadeiras ou granxas, liñas ou gaiolas, parques de cultivo e bateas. En consecuencia, no caso da pesca extractiva cada unidade de mostraxe correspóndese cun único buque, mentres que no caso da acuicultura cada unidade de mostraxe se corresponde cunha empresa que pode ter máis dun establecemento e mesmo establecementos de distinto tipo. Tendo isto en conta, cando a empresa acuícola posúe establecementos de distinto tipo, a súa atribución a un ou outro estrato de mostraxe responde ao criterio da explotación principal, entendida como aquela que achega maior facturación á empresa.

Tendo como marco o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e a base de datos para a xestión de cultivos mariños de Galicia, o deseño de mostraxe realizado tivo como referencia un universo de 4.335 buques con porto base en Galicia e 2.578 empresas de acuicultura na comunidade. Partimos pois de dous universos de estudo distintos e polo tanto de dúas submostras específicas. Estas submostras divídense pola súa vez en diferentes estratos, tal e como se amosa na táboa da páxina seguinte.

No caso da pesca extractiva este universo foi estratificado en función do caladoiro (comunitario, nacional ou internacional) e a arte de pesca principal (arrastre, cerco, arrastre e cerco, enmalle, palangre de fondo, palangre de superficie e artes menores), dando lugar a 10 estratos, sobre os que se procedeu á selección dunha mostra aleatoria simple.

Respecto da acuicultura mariña, os parámetros para a estratificación tiveron en conta o tipo de establecemento principal da empresa (criadeiras e/ou granxas, liñas e/ou gaiolas, parques de cultivo e bateas) dando lugar a 3 estratos. Salvo en determinados estratos onde, debido á súa reducida poboación, a mostra abrangueu a totalidade do universo, no resto dos estratos, que conforman a gran maioría, seleccionouse unha mostra aleatoria simple.


Táboa n.º 1. Tamaños de poboación e mostra dos sectores da pesca extractiva e a acuicultura. Ano 2019

PESCA EXTRACTIVA (buques)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4.169	504
Arrastre	57	27
Artes Menores	3.862	357
Cerco	152	73
Enmalle	25	12
Palangre de fondo	22	11
Palangre de superficie	51	24
Pesqueiras comunitarias	69	33
Arrastre	23	11
Palangre de fondo	46	22
Pesqueiras internacionais	97	46
Arrastre e cerco	30	14
Palangre de superficie	67	32
TOTAL	4.335	583


ACUICULTURA (empresas)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Criadeiros, granxas, liñas e/ou gaiolas	19	16
Parques de cultivo	652	133
Bateas	1.907	205
TOTAL	2.578	354

Gráfico nº1. Tamaños de poboación e representatividade da mostra nos sectores da pesca extractiva e a acuicultura. Ano 2019

PESCA EXTRACTIVA (BUQUES)



ACUICULTURA (EMPRESAS)



■ POBOACIÓN Nº ■ MOSTRA %

Tanto no caso da pesca extractiva como no da acuicultura mariña, os cuestionarios para a recollida de datos compuxéronse de 2 módulos: Un módulo xeral, centrado nas variables de ocupación, e un módulo económico.

Módulo xeral

No módulo de carácter xeral de pesca recóllese a incidencia ocorrida durante o período de recollida de datos (“enquisable”, “inactivo en 2019”) e os posibles cambios producidos nos datos das mostras (nome do buque, caladoiro, arqueo GT, arqueo TRB, potencia, eslora, porto base, titularidade...); no módulo xeral de acuicultura, ás incidencias da recollida de datos e posibles cambios nos datos de mostraxe engadíranse variables para saber os tipos de establecementos de acuicultura en Galicia propiedade do titular (parques de cultivo, bateas, gaiolas ou liñas de cultivo, granxas mariñas e/ ou criadeiras) e os días dedicados por trimestre de 2019 a cada unha das actividades previstas segundo o tipo de establecemento do que se tratase (recollida e compra de semente, sementeira/encordado, rareos/desdobres, limpeza e colleitas para a venda...).

Tanto no módulo xeral de pesca coma no de acuicultura recóllese a información relativa ao número de traballadores do buque ou empresa acuícola.

En ambos os casos, tanto para a acuicultura como para a pesca, neste módulo recóllese todas as variables relacionadas co perfil dos traballadores: Días traballados por trimestre, sexo, idade, nacionalidade, lugar de residencia, tipo de contrato, tipo de xornada, altas e baixas na Seguridade Social, duración da xornada laboral etc. Este apartado aplícase para cada entrevistado tantas veces como traballadores declarase anteriormente.

Módulo económico

Aínda que para a mostra da pesca extractiva o módulo xeral recolle datos relativos exclusivamente ao buque ou buques presentes na mostra, o módulo económico recolle os datos relativos ao conxunto da actividade empresarial do armador no 2019. No caso da acuicultura, tanto o módulo xeral coma o económico recollen datos do conxunto da actividade empresarial do titular.

Dado que a mostra é aleatoria simple en cada estrato, para obter os resultados dentro de cada un empréganse os estimadores de simple expansión. Isto significa que para estimar o número de persoas ocupadas en Galicia nun determinado estrato h emprégase:

$$\hat{X}^h = N^h \frac{\sum_i X_i^h}{n^h} = \sum_i \frac{N^h}{n^h} X_i^h$$

sendo X_i^h o número de persoas ocupadas na unidade i -ésima do estrato h , n^h o número unidades na mostra do estrato h e N^h o número de unidades da poboación do estrato h .

PRINCIPAIS RESULTADOS



1 PESCA EXTRACTIVA

1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO

EN 2019 OS BUQUES CON PORTO BASE EN GALICIA EMPREGARON 10.951 TRIPULANTES, O 57,7% EN BUQUES DE ARTES MENORES

En 2019 había 4.335 buques censados con porto base en Galicia, que ocuparon a 10.951 traballadores e traballadoras.

A maior parte da frota galega está encadrada no caladoiro nacional, no que faenan o 96,2 % dos buques, seguido das pesqueiras internacionais co 2,2 % e das pesqueiras comunitarias co 1,6 %. Dentro do caladoiro nacional destacan as artes menores, co 89,1 % dos buques seguidas do cerco e o arrastre, co 3,5 % e 1,3 %.

En termos de ocupación fanse moi evidentes as diferencias de tamaño dos buques e, deste xeito, dentro do caladoiro nacional, o estrato das artes menores, sendo o 89,1 % dos buques, representa o 57,6 % da ocupación. Pola súa banda, o cerco e o arrastre, co 3,5 % e 1,3 % dos buques, representan o 11,8 % e o 5,1 % da ocupación respectivamente.


O efecto do tamaño dos buques tamén se reflexa nas pesqueiras comunitarias e internacionais, nas que tendo só o 1,6 % e 2,2 % dos buques a ocupación representa un 9,7 % e 8,7 % respectivamente. Incluso dentro destas pesqueiras, como se observa na táboa 2, hai significativas diferencias segundo o estrato.

Con respecto ao ano 2017 apreciase unha diminución tanto do número de buques (agás nas pesqueiras comunitarias) como de ocupación.

**Táboa nº2. Poboación ocupada na pesca extractiva
por caladoiro/tipo de pesca. Ano 2019**

CALADOIRO	Barcos		Tripulantes		Tripulantes / barco (media)
	N.º	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4.169	96,17 %	8.942	81,66 %	2,14
Arrastre	57	1,31 %	560	5,12 %	9,83
Artes menores	3.862	89,09 %	6.319	57,71 %	1,64
Cercos	152	3,51 %	1.286	11,75 %	8,46
Enmalle	25	0,58 %	178	1,63 %	7,12
Palangre de fondo	22	0,51 %	131	1,20 %	5,95
Palangre de superficie	51	1,18 %	467	4,26 %	9,16
Pesqueiras comunitarias	69	1,59 %	1.059	9,67 %	15,34
Arrastre	23	0,53 %	339	3,10 %	14,75
Palangre de fondo	46	1,06 %	719	6,57 %	15,64
Pesqueiras internacionais	97	2,24 %	950	8,68 %	9,79
Arrastre e cercos	30	0,69 %	507	4,64 %	16,93
Palangre de superficie	67	1,59 %	442	4,04 %	6,60
TOTAL	4.335	100,00 %	10.951	100,00 %	2,53

Gráfico nº2. Tripulantes por estrato. Ano 2019



Os barcos dos caladoiros comunitario e internacional empregaron a 2.009 tripulantes en 2019. Dadas as dimensións destes buques e os longos períodos de marea que empregan nas súas singraduras, necesitan tripulacións máis numerosas. Así, a media de tripulantes por buque acada as 12,1 persoas, cando no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste apenas supera os 2 tripulantes por buque.

As diferencias atopámolas, tamén, entre eses dous caladoiros e incluso entre os tipos de buques pertencentes a un e outro caladoiro. Deste xeito, as embarcacións das pesqueiras comunitarias presentan 15,3 tripulantes de media por buque, abaneando entre os 14,8 no estrato de arrastre e os 15,6 traballadores de media nos de palangre de fondo. Nos buques das pesqueiras internacionais a heteroxeneidade é, se cabe, aínda maior: A media de tripulantes neste tipo de caladoiro é de 9,8, dato que abanea entre os 16,9 tripulantes medios nas embarcacións de arrastre e cerco e os 6,6 tripulantes dos palangreiros de superficie.

Xa sinalamos anteriormente que o número de tripulantes estimado descendeu respecto ao dato do ano 2017, rexistrando unha caída do 3,7 % da ocupación respecto a esa edición do estudo. Este descenso é uniforme en todos os estratos da mostra, agás nas pesqueiras internacionais onde a diminución é máis acusada (4,5 % menos de ocupación nese estrato en relación a 2017).

**Táboa nº3. Poboación ocupada na pesca extractiva por estrato.
Comparativa 2017-2019**

CALADOIRO	N.º de buques			N.º de tripulantes		
	2019	2017	% var.	2019	2017	% var.
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4.170	4.251	-1,91%	8.942	9.283	-3,67%
Artes menores	3.863	3.927	-1,63%	6319	6558	-3,64%
Resto	307	324	-5,25%	2623	2725	-3,74%
Pesqueiras comunitarias	69	68	1,47%	1.059	1.099	-3,64%
Pesqueiras internacionais	97	100	-3,00%	950	995	-4,52%
TOTAL	4.336	4.419	-1,88%	10.951	11.377	-3,74%

Dende o ano 2011 a tendencia en todos os caladoiros é á diminución no número de buques. Porén, en termos porcentuais, esta diminución é menor no caladoiro nacional que nos caladoiros comunitario e internacional, polo que o caladoiro nacional incrementa lentamente a súa representación con respecto ás pesqueiras comunitarias e, en menor medida, con respecto ás pesqueiras internacionais.


A evolución da ocupación, dende o ano 2011, segue un patrón diferente en cada caladoiro. No caladoiro nacional alternáronse diminucións con aumentos, de tal xeito que tras a diminución producida ata 2015, recuperouse en 2017, e aínda que no 2019 volveu a reducirse, mantense claramente por riba dos niveis de 2015.

Na pesqueira comunitaria a tendencia é a unha lenta diminución, e na pesqueira internacional, despois do aumento do 2013, houbo un brusco descenso en 2015 e un descenso máis moderado os seguintes anos.

Táboa nº4. Evolución da ocupación na pesca extractiva por estrato.

CALADOIRO	Tripulantes					Tripulantes/Barco				
	2011	2013	2015	2017	2019	2011	2013	2015	2017	2019
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	9.981	9.211	8.460	9.283	8.942	2,19	2,08	1,99	2,18	2,14
Artes menores	6.914	6.136	5.732	6.558	6.319	1,65	1,51	1,46	1,67	1,64
Resto	3.067	3.075	2.728	2.725	2.623	8,14	8,57	8,29	8,41	8,54
Pesqueiras comunitarias	1.249	1.114	1.096	1.099	1.059	11,05	12,24	15,22	16,16	15,34
Pesqueiras internacionais	1.322	1.421	1.080	995	950	11,02	11,65	10,29	9,95	9,79
TOTAL	12.552	11.746	10.635	11.377	10.951	2,62	2,54	2,40	2,57	2,53

Gráfico nº3. Evolución da ocupación na pesca extractiva por estrato.



1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

A PRESENZA DA MULLER NA TRIPULACIÓN DOS BUQUES SEGUE A SER BAIXA; UNICAMENTE SUPERA O 1 % NO CALADOIRO NACIONAL E NO ESTRATO DE ARTES MENORES ROZA O 8 %

Dentro do mundo da pesca extractiva, a ocupación é maioritariamente masculina. Tal e como xa se observara nas edicións anteriores, a representación da muller nas tripulacións segue sendo pequena (4,7 % do total de tripulantes). Iso si: Atopamos mulleres en buques pertencentes a todos os caladoiros da mostra, a diferenza do ano 2017 no que non se observou presenza feminina nas tripulacións dos buques que pescan nas pesqueiras internacionais, así coma nos palangreiros de fondo das pesqueiras comunitarias.

**Táboa nº5. Poboación ocupada na pesca extractiva por xénero.
Ano 2019**

CALADOIRO	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	Nº
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	8.447	94,46%	495	5,54%	8.942
Pesqueiras comunitarias	1.053	99,51%	5	0,49%	1.059
Pesqueiras internacionais	941	99,06%	9	0,94%	950
TOTAL	10.442	95,35 %	509	4,65 %	10.951

O caladoiro nacional e, dentro do mesmo, o estrato de artes menores, continúan a ser os principais viveiros da forza de traballo feminina na pesca galega no 2019 (5,5 % da ocupación do caladoiro e 7,7 % da ocupación do estrato). Nos restantes caladoiros e estratos a presenza das mulleres é, en liñas xerais, moi escasa.

Se botamos unha ollada á evolución destes datos dende o inicio da operación Ocupesca no 2011, observamos que, a pesares da caída xeral da ocupación na pesca extractiva e da pouca presenza da muller no sector, a ocupación feminina incrementouse en termos porcentuais. En termos absolutos o contingente de mulleres traballadoras na pesca extractiva no ano 2019 sitouse en niveis cercanos aos de 2011 (518 entón por 509 no 2019).

Táboa nº6. Evolución da distribución por xénero da poboación ocupada na pesca extractiva.


ANO	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	N.º
2011	12.034	95,9 %	518	4,1 %	12.552
2013	11.273	96,0 %	473	4,0 %	11.746
2015	10.157	95,5 %	477	4,5 %	10.635
2017	10.907	95,9 %	470	4,1 %	11.377
2019	10.442	95,4 %	509	4,7 %	10.951

CASE DOUS DE CADA TRES TRIPULANTES TEÑEN ENTRE 35 E 54 ANOS

Unha análise da distribución por idades dos e das tripulantes de buques de pesca extractiva con porto base en Galicia en 2019 amosa que o 65,5 % situase no rango de 35 a 54 anos, sendo este o tramo predominante no sector da pesca extractiva no 2019.

O segmento de idade máis novo, entre 16 e 34 anos, é o segundo en termos porcentuais (19,4 %) gañando, ademais, algo de peso se comparamos os datos correspondentes ao estudo de 2017 (18,8 % acadado por ese grupo de idade naquela edición). Finalmente o 15,0 % dos e das tripulantes está no tramo de 55 e máis anos. De igual xeito que acontece co segmento dos máis novos, o peso do grupo dos maiores de 55 é superior ao do 2017 (15,0 % por 14,0 % hai dous anos).

Gráfico nº4. Poboación ocupada na pesca extractiva por tramo de idade. Ano 2019



Aínda que o segmento de 35 a 54 anos é o predominante nos buques de todos os caladoiros, atopamos diferenzas entre cada un deles e, incluso, entre estratos. Deste xeito as porcentaxes dese grupo nos tres caladoiros abanean entre o máximo do 75,9 % nos buques das pesqueiras comunitarias, e o mínimo do 63,4 % dos do caladoiro nacional, pasando polo 73,1 % das embarcacións das pesqueiras internacionais. Por outra banda, o segmento de menor idade (16 a 34 anos) amosa o seu máximo no caladoiro nacional (20,9 %), concentrado nas artes menores e no palangre de superficie, sendo considerablemente menor nas pesqueiras comunitarias (11,9 %) e internacionais (13,9 %).

No tramo de maior idade (55 ou máis anos) destaca o palangre de fondo no caladoiro nacional (22,3 %) e o palangre de superficie nas pesqueiras internacionais (18,1 % da ocupación).

Atendendo á evolución da distribución por idades ao longo dos estudos de Ocupesca, cabe afirmar que se aprecia un certo estancamento no proceso de envellecemento da ocupación, toda vez que o segmento de menor idade (16 a 34 anos) gañou algo de peso respecto ao 2017, aínda que o segmento de idade máis superior (55 e máis anos) incrementouse nun 1,0 % tamén respecto á edición do 2017. O segmento intermedio mantívose estable no contorno dos dous terzos da ocupación total.

Táboa nº7. Evolución da distribución por tramos de idade da poboación ocupada na pesca extractiva.

Idade	Ano				
	2011	2013	2015	2017	2019
De 16 a 34 anos	26,7 %	22,2 %	21,1 %	18,8 %	19,4 %
De 35 a 54 anos	62,6 %	67,6 %	66,2 %	66,8 %	65,5 %
De 55 e máis anos	8,3 %	7,9 %	12,2 %	14,0 %	15,0 %
NS / NC	2,4 %	2,4 %	0,5 %	0,5 %	0,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

**O 85,4 % DOS TRIPULANTES DA FROTA EXTRACTIVA GALEGA
TEÑEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA, CON IMPORTANTES
VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DO CALADOIRO**

O 85,4 % dos tripulantes da frota galega de pesca extractiva en 2019 tiñan nacionalidade española. Un 12,6 % eran de nacionalidade estranxeira e un 1,6 % tiñan dobre nacionalidade.

Por caladoiros estas cifras amosan valores moi dispares. O continxente máis importante de traballadores de nacionalidade española pertence a buques do caladoiro nacional (89,7 %); baixa case 15 puntos porcentuais para acadar un 74,9 % dos tripulantes das pesqueiras internacionais e, finalmente, baixa algo máis de 16 puntos porcentuais no caso das pesqueiras comunitarias (58,5 %).

Pola súa banda e como consecuencias dos datos amosados anteriormente, os estranxeiros e estranxeiras teñen un importante peso nas pesqueiras comunitarias, cun 38,4 % da ocupación do estrato, e un pouco menor nas pesqueiras internacionais, cun 20,8 %.


Algo semellante acontece cos tripulantes con dobre nacionalidade, acadando un 3,1 % da ocupación total nas pesqueiras comunitarias e un 2,1 % nos buques do caladoiro internacional.

As nacionalidades estranxeiras máis frecuentes entre os tripulantes seguen a ser as mesmas nos seus primeiros postos, a saber: Indonesia 3,2 %, Senegalesa 3,0 %, Peruana 1,8 % e Marroquí 1,2 %. Atendendo á súa distribución por estratos, os tripulantes de nacionalidade Indonesia teñen maior peso nos palangreiros de fondo das pesqueiras comunitarias e nos palangreiros de superficie das pesqueiras internacionais. Os procedentes de Senegal son parte destacada nas tripulacións dos buques de enmalle do caladoiro nacional, e os de nacionalidade Peruana nas embarcacións de artes menores, tamén do caladoiro nacional.

Táboa nº8. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro e nacionalidade. Ano 2019

NACIONALIDADE	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	8,019	89,68 %	619	58,51 %	712	74,88 %	9.350	85,38 %
Española e outra	124	1,39 %	32	3,06 %	20	2,13 %	177	1,62 %
Estranxeira	780	8,72 %	407	38,43 %	197	20,78 %	1.384	12,64 %
NS / NC	18	0,21 %	0	0,00 %	21	2,20 %	39	0,36 %
TOTAL	8,942	100,00 %	1.059	100,00 %	950	100,00 %	10.951	100,00 %

Gráfico nº5. Distribución porcentual por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva. Ano 2019



Dende o punto de vista da evolución das cifras no período 2011-2019, a distribución da ocupación por nacionalidades mantívose estable ao longo de todo o período considerado. Cabe sinalar, porén, que a proporción de tripulantes con dobre nacionalidade amosa unha tendencia alcista dende o inicio da operación Ocupesca.

Táboa nº9. Evolución da distribución por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva.

Nacionalidade	Ano				
	2011	2013	2015	2017	2019
Española	86,6 %	85,0 %	86,9 %	86,2 %	85,4 %
Española e outra	0,6 %	0,6 %	1,4 %	1,4 %	1,6 %
Estranxeira	12,5 %	14,4 %	11,7 %	12,4 %	12,7 %
NS / NC	0,4 %	0,0 %	0,0 %	0,0 %	0,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN

A distribución xeográfica da ocupación nos buques con porto base en Galicia vén condicionada pola propia distribución xeográfica da frota e polas características desta. De acordo con este criterio, obsérvase que o 42,1 % da tripulación estivo ocupada en buques con porto base na provincia da Coruña, un 44,7 % traballaron en buques rexistrados en Pontevedra e o 13,2 % restante corresponden á provincia de Lugo.

É significativo o caso de Lugo, no que o peso provincial da ocupación é superior ao peso dos buques con base nalgún porto desta provincia. Isto explícase porque unha gran parte da frota que ten porto base nesta provincia son embarcacións que pescan en augas comunitarias que, como xa se viu, teñen unha ratio de número de tripulantes por barco máis elevado que o das embarcacións que pescan no caladoiro nacional.

Así, o 67,1 % da ocupación no estrato de pesqueiras comunitarias correspóndese con tripulantes de buques censados en Lugo (case o 50 % dos 1.449 tripulantes localizados en Lugo pertencen a este estrato). Por outra banda, o 81,3 % dos tripulantes pertencentes ao estrato de pesqueiras internacionais correspóndese con buques censados en Pontevedra (non obstante, representan tan só o 15,8 % dos tripulantes desta provincia debido ao peso do caladoiro nacional nela). Por último, na Coruña localízase o 50,3 % dos tripulantes pertencentes ao caladoiro nacional (que representan o 97,7 % da ocupación na provincia).

Táboa nº10. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro e Provincia. Ano 2019

PROVINCIA	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	4.501	50,34%	66	6,23%	40	4,21%	4.606	42,06%
Lugo	600	6,71%	711	67,14%	138	14,53%	1.449	13,23%
Pontevedra	3.842	42,97%	282	26,63%	772	81,26%	4.896	44,71%
TOTAL	8.942	100,00%	1.059	100,00%	950	100,00%	10.951	100,00%

1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

O 66,2 % DOS TRIPULANTES DA FROTA GALEGA EN 2019 SON ASALARIADOS/AS, MENTRES QUE UN TERZO TRABALLA POR CONTA PROPIA

O 66,2 % das persoas ocupadas na pesca extractiva en Galicia durante 2019 son traballadoras por conta allea. En cambio a ocupación por conta propia ascende a un 33,0 % do total.

A ocupación por conta propia é especialmente destacada no caladoiro nacional (40,0 %), onde a proporción de buques de artes menores ten un peso moi elevado. A tripulación media neses buques de artes menores está en 1,6 tripulantes/embarcación, motivo polo cal é normal é que o réxime de cotización ao que teñan que acollerse os propietarios/tripulantes sexa o de conta propia. O seguinte estrato no que a ocupación por conta propia é singularmente destacada é no de palangre de fondo, tamén do caladoiro nacional (12,2 %). En cambio, nas pesqueiras comunitaria e internacional constitúe unha situación pouco menos que inexistente, onde nin sequera chega ao 2,0 % da ocupación total de cada caladoiro.

Táboa nº11. Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional. Ano 2019

Situación Profesional	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	5.270	58,93 %	1.037	97,94 %	938	98,68 %	7.244	66,15 %
Conta propia	3.579	40,02 %	21	1,96 %	13	1,32 %	3.612	32,98 %
Outras Situacións	81	0,90 %	1	0,05 %	0	0,00 %	81	0,74 %
NS / NC	13	0,14 %	1	0,05 %	0	0,00 %	13	0,12 %
TOTAL	8.942	100,00 %	1.059	100,00 %	950	100,00 %	10.951	100,00 %

A evolución da situación profesional no período 2011-2019 amosa unha grande uniformidade e poucas variacións: Dous terzos das persoas ocupadas traballan por conta allea e un terzo fano por conta propia. Unicamente destacar o descenso dos ocupados e ocupadas 'noutras situacións' dende o inicio da análise evolutiva.

Táboa nº12. Evolución da poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional.

Situación profesional	Ano				
	2011	2013	2015	2017	2019
Conta allea	65,9 %	68,3 %	66,9 %	66,0 %	66,1 %
Conta propia	32,7 %	31,2 %	32,8 %	33,9 %	33,6 %
Outras situacións	1,0 %	0,3 %	0,1 %	0,1 %	0,1 %
NS / NC	0,4 %	0,3 %	0,2 %	0,0 %	0,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

O 77,6 % das persoas ocupadas na pesca extractiva no 2019 non foron dados de alta no exercicio pois xa estaban traballando ao comezo do ano. Un 19,7 % adicional si causou alta, porcentaxe na que atopamos tanto a aqueles que foron alta por primeira vez como aos traballadores e traballadoras que a comezos de ano se atopaban de baixa por diversos motivos.

Apenas se aprecian diferenzas significativas entre caladoiros no que se refire ás altas no réxime especial do mar do ISM no ano: Nos caladoiros internacionais houbo un 21,0 % de altas no ano, nos comunitarios un 17,6 % e nas pesqueiras nacionais un 19,8 % da ocupación foi dada de alta durante o ano.

2 ACUICULTURA MARIÑA

2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO

EN 2019 AS 2.578 EMPRESAS DE ACUICULTURA MARIÑA EXISTENTES EN GALICIA DÉRONLLES TRABALLO A 5.622 PERSOAS

Nas 2.578 empresas e explotacións de acuicultura existentes en Galicia no 2019 traballaron 5.622 persoas, o que supón algo máis de dúas persoas (exactamente 2,2) ocupadas por empresa, unha media lixeiramente superior ao observado na edición anterior (2,0). Igual que acontece en diversos datos estatísticos da pesca, existen importantes diferenzas dependendo do estrato.

Segundo a porcentaxe de poboación ocupada, chama a atención o caso dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas que, se ben non chegan ao 1 % do total de empresas do sector, ocupan case ao 14 % dos traballadores e traballadoras. Estas explotacións caracterízanse por ter instalacións situadas en terra firme que ocupan grandes superficies, e acollen grandes cantidades de individuos en cultivo que necesitan unha subministración diaria de alimento. Isto fai que o número de traballadores ocupados por empresa en establecementos deste tipo aumente significativamente en comparación cos outros tipos de establecementos. Deste xeito, a ocupación media por empresa no estrato de "Granxas, criadeiros, liñas de cultivo e gaiolas" alcanza os 41,2 traballadores por empresa. Este valor é moi superior á ocupación media nas empresas que teñen bateas ou parques de cultivo.

Pola súa banda os parques de cultivo, ocupando a unha porcentaxe de persoas moi semellante á dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas (14,3 %), representa o 25,3 % do total de empresas no sector. Porén o número medio de traballadores e traballadoras deste tipo de establecementos é de 1,2.

Finalmente, o estrato máis importante en canto ao volume de empresas e de persoas ocupadas é o das bateas. En efecto, este estrato supón o 71,8 % do total de persoas ocupadas na acuicultura. En termos de empresas o resultado é similar (74,0 %).

Táboa nº13. Poboación ocupada na acuicultura por estrato. Ano 2019

Establecemento	Empresas		Persoas ocupadas		N.º medio persoas ocupadas
	N.º	%	N.º	%	
Bateas	1.907	73,97 %	4.039	71,84 %	2,12
Parques de cultivo	652	25,29 %	801	14,25 %	1,23
Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	19	0,74 %	782	13,91 %	41,16
TOTAL	2.578	100,00 %	5.622	100,00%	2,18

O volume de ocupación amosa, en liñas xerais, un crecemento importante nos tres estratos, pese ao descenso no número de empresas. Porén, o crecemento do número de traballadores e traballadoras presenta diferenzas importantes entre os distintos estratos considerados. Os parques de cultivo presentan un crecemento do emprego do 20,3 % respecto ao exercicio 2017 e, pola súa banda, a ocupación no estrato das bateas medra un 3,8 %. Mención especial merece o estrato dos criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas que, pese a perder un 17,4 % de empresas (de 23 a 19 empresas totais) creceu en ocupación nun 16,2 %.

Táboa nº14. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento. Comparativa 2017-2019

Establecemento	N.º de empresas			N.º de persoas ocupadas		
	2019	2017	% Var.	2019	2017	% Var.
Bateas	1.907	1.914	-0,37 %	4.039	3.890	3,83 %
Parques de cultivo	652	666	-2,10 %	801	666	20,27 %
Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	19	23	-17,39 %	782	673	16,19 %
TOTAL	2.578	2.603	-0,96 %	5.622	5.229	7,52 %

Se facemos unha análise da evolución dos datos dende o inicio da operación Ocupesca no 2011, veremos que a poboación ocupada comportouse dun xeito similar nos distintos tipos de establecementos.

Táboa nº15. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por estrato.

ESTABLECEMENTO	Persoas ocupadas					Persoas ocupadas/Empresa				
	2011	2013	2015	2017	2019	2011	2013	2015	2017	2019
Bateas	4.947	4.052	4.416	3.890	4.039	2,45	2,03	2,29	2,03	2,12
Parques de cultivo	896	795	886	666	801	1,40	1,20	1,30	1,00	1,23
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	589	614	648	673	782	31,00	19,81	21,58	29,27	41,16
TOTAL	6.432	5.461	5.949	5.229	5.622	2,40	2,03	2,25	2,01	2,18

O máis salientable é o continuo e regular ascenso da poboación ocupada no estrato dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, a pesares do descenso no número de empresas deste tipo. O importante aumento na ocupación media por empresa nese estrato ven motivada polo dobre factor de aumento no número de traballadores e redución do número de empresas.

Os outros dous estratos amosan unha evolución moi semellante nestes anos, con altos e baixos motivados por casuísticas diversas. En ambos casos a tendencia, dende o 2011, é cara unha diminución da ocupación paralela ao descenso no número de empresas.

2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

**AS MULLERES SUPOÑEN O 21,9 % DO
EMPREGO NA ACUICULTURA GALEGA.
NOS PARQUES DE CULTIVO A PORCENTAXE ACADA O 37,5 %**

A acuicultura en Galicia empregou durante 2019 a 4.393 homes e 1.229 mulleres. Isto supón que o 78,1 % da ocupación na acuicultura en Galicia está constituída por homes e o 21,9 % por mulleres.

As maiores porcentaxes de poboación feminina ocupada atopámoslos no estrato dos parques de cultivo (37,5 %) e, a continuación, no de criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, cun 27,8 % do total da ocupación do estrato.

Táboa nº16. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e xénero. Ano 2019

	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	3.327	82,37 %	501	62,55 %	565	72,25 %	4.393	78,14 %
Mulleres	712	17,63 %	300	37,45%	217	27,75 %	1.229	21,86 %
TOTAL	4.039	100,00 %	801	100,00 %	782	100,00 %	5.622	100,00 %

O 62,4 % DAS PERSOAS OCUPADAS NA ACUICULTURA TEÑEN ENTRE 35 E 54 ANOS

No que atinxe á distribución da ocupación por idades, pode apreciarse que un 62,4 % das persoas ocupadas ten entre 35 e 54 anos, unha porcentaxe lixeiramente inferior á observada no 2017. Este maior peso dese tramo de idade é común aos tres estratos considerados na enquisa, cun máximo do 66,9 % nos parques de cultivo, e un mínimo do 59,3 % no estrato dos criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas.

Séguelle en importancia o segmento de 55 anos en adiante, cunha porcentaxe do 23,1 % no total da ocupación na acuicultura. O tramo dos ocupados e ocupadas máis novos é especialmente importante no estrato dos criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas (o 29,7 % da ocupación dese estrato), sendo moito máis baixo nos outros dous (13,0 % nas bateas e 7,2 % nos parques de cultivo).

**Táboa nº17. Poboación ocupada na acuicultura por tramos de idade.
Ano 2019**

Establecemento	16-34 anos		35-54 anos		55 ou mais anos		NS /NC		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	232	29,67 %	464	59,34 %	86	11,00 %	0	0,00 %	782	100,00 %
Parques de Cultivo	58	7,19 %	536	66,94 %	207	25,87 %	0	0,00 %	801	100,00 %
Bateas	524	12,96 %	2.506	62,04 %	1.007	24,94 %	3	0,07 %	4.039	100,00 %
Total	813	14,47 %	3.506	62,36 %	1.300	23,12 %	3	0,06 %	5.622	100,00 %

Dende un punto de vista evolutivo, semella que hai unha interrupción na tendencia diminuínte da presenza da muller na acuicultura mariña galega. Iso si: En todas as edicións realizadas presenta valores de ocupación superiores aos obtidos na pesca extractiva.

Táboa nº18. Evolución da distribución por xénero da poboación ocupada na acuicultura.

Xénero	N.º					%				
	2011	2013	2015	2017	2019	2011	2013	2015	2017	2019
Home	4.801	3.941	4.507	4.111	4.393	74,7 %	72,2 %	75,8 %	78,6 %	78,1 %
Muller	1.630	1.520	1.442	1.118	1.229	25,3 %	27,8 %	24,2 %	21,4 %	21,9 %
TOTAL	6.432	5.461	5.949	5.229	5.622	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

O 0,9 % DAS PERSONAS OCUPADAS NA ACUICULTURA É DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA

A presenza de persoas ocupadas con nacionalidade estranxeira na acuicultura mariña galega no 2019 é minoritaria, e alcanza tan só un 0,9 % do total, cun máximo do 1,7 % no estrato de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas.

**Táboa nº19. Poboación ocupada na acuicultura por nacionalidade.
Ano 2019**

Nacionalidade	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	3.983	98,61 %	796	99,38 %	769	98,34 %	5.548	98,68 %
Española e Outra	18	0,45 %	5	0,62 %	0	0,00 %	23	0,41 %
Estranxeira	38	0,94 %	0	0,00 %	13	1,66 %	51	0,91 %
TOTAL	4.039	100,00 %	801	100,00 %	782	100,00 %	5.622	100,00 %

2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

O 54,8 % DAS PERSOAS OCUPADAS NA ACUICULTURA GALEGA TRABALLAN POR CONTA PROPIA

A ACUICULTURA GALEGA DEULLES TRABALLO A 2.029 PERSOAS POR CONTA ALLEA

A acuicultura mariña deulles traballo en 2019 a 3.083 persoas por conta propia (54,8 % do total dos ocupados e ocupadas neste sector). Un total de 2.029 persoas (36,1 %) traballaron por conta allea. Finalmente, houbo 502 traballadores (8,9 %) na condición de 'outras situacións'.


O traballo por conta propia é máis frecuente no estrato dos parques de cultivo, no que representa o 78,3 % da ocupación do estrato, e no das bateas, onde supón o 60,7 % da ocupación. Pola contra, o estrato de criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas nin sequera se achega ao 1 % da ocupación por conta propia.

Táboa nº20. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e situación profesional. Ano 2019


Situación profesional	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	1.167	28,89 %	87	10,86 %	776	99,16 %	2.029	36,10 %
Conta propia	2.450	60,65 %	627	78,29 %	7	0,84 %	3.083	54,84 %
Outras Situacións	415	10,28 %	87	10,86 %	0	0,00 %	502	8,93 %
NS / NC	7	0,17 %	0	0,00 %	0	0,00 %	7	0,12 %
TOTAL	4.039	100,00 %	801	100,00 %	782	100,00 %	5.622	100,00 %

Gráfico nº6. Poboación ocupada na acuicultura por situación profesional para cada tipo de establecemento. Ano 2019


Ocupación por tipo de establecemento




Bateas



Parques de cultivo



Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas



O total de persoas asalariadas ascende a 2.029, un 36,1 % do total. É no estrato de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas onde esta figura é predominante (99,2 % da ocupación). Nas bateas o traballo asalariado representa o 28,9 % da ocupación, porcentaxe que se reduce ao 10,9 % no caso dos parques de cultivo.

En canto á evolución da situación profesional, obsérvase un incremento do emprego por conta allea con respecto a 2017, acadando un número de traballadores similar ao de 2011, mentres que o traballo por conta propia mantívose con respecto a 2017 en niveis sensiblemente inferiores aos de 2011. A ocupación contida no epígrafe doutras situacións, correspondentes a meirande parte delas ao traballo no contorno familiar, é moi fluctuante en toda a serie histórica.

Táboa nº21. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por situación profesional.

Xénero	N.º					%				
	2011	2013	2015	2017	2019	2011	2013	2015	2017	2019
Conta allea	2.023	1.418	1.745	1.442	2.029	31,5 %	26,0 %	29,3 %	27,6 %	36,1 %
Conta propia	3.818	3.740	3.949	3.082	3.083	59,4 %	68,5 %	66,4 %	58,9 %	54,8 %
Outras situacións	591	289	255	705	502	9,2 %	5,3 %	4,3 %	13,5 %	8,9 %
NS / NC	0	14	0	0	7	0,0 %	0,3 %	0,0 %	0,0 %	0,1 %
TOTAL	6.432	5.461	5.949	5.229	5.622	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

3 DATOS ECONÓMICOS

A FACTURACIÓN TOTAL DO SECTOR ALCANZOU EN 2019 OS 1.084 MILLÓNS DE EUROS

Como xa tivemos ocasión de mencionar, o cuestionario para a recollida da información de ocupación ía acompañado dunha batería de preguntas para coñecer os datos de facturación económica de ambos universos. Os resultados amosan que o importe neto da cifra de negocios do sector acadou os 1.084 millóns de euros, dos cales 829 millóns lle corresponderon á pesca extractiva e 254 millóns á acuicultura.

3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA


Táboa nº22. Facturación media na pesca extractiva por estrato. Ano 2019

Caladoiro	Facturación		N.º ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles €	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	306.587	36,9 %	8.942	81,7 %	34.285
Artes menores	132.753	16,0 %	6.319	57,7 %	21.008
Resto	173.834	20,9 %	2.623	24,0 %	66.276
Pesqueiras comunitarias	146.153	17,6 %	1.059	9,7 %	138.073
Pesqueiras internacionais	377.153	45,4 %	950	8,7 %	396.935
TOTAL	829.892	100,0 %	10.951	100,0 %	75.783

Facendo unha análise da facturación por estrato na pesca extractiva, chama a atención que o estrato dos buques das pesqueiras internacionais, a pesares de ocupar só un 8,7 % das persoas traballadoras, supón o 45,4 % da facturación total da pesca extractiva no ano 2019. Pola súa banda, as embarcacións do caladoiro nacional, constituíndo o 81,7 % da ocupación total, xeran o 36,9 % da facturación, correspondendo o 16,0 % desa facturación aos buques de artes menores.

Con respecto aos datos da edición do 2017, a cifra de negocios na pesca extractiva reduciuse un 6,7 %, con taxas de crecemento negativas no caladoiro nacional e nas pesqueiras internacionais, e crecemento positivo nas pesqueiras comunitarias. No caladoiro nacional temos un descenso do 3,1 % na facturación, no caladoiro internacional o decaemento foi do 13,3 %, mentres que no caladoiro comunitario atopamos un incremento dun 6,1 %.

Gráfico nº7. Euros por persoa ocupada na pesca extractiva. Ano 2019



Táboa nº23. Evolución da facturación na pesca extractiva por estrato.

CALADOIRO	Facturación total (miles de euros)				
	2011	2013	2015	2017	2019
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	272.294	286.387	263.456	316.452	306.587
Artes menores	86.700	75.627	92.156	121.862	132.753
Resto	185.593	210.760	171.300	194.590	173.834
Pesqueiras comunitarias	153.425	163.182	131.011	137.778	146.153
Pesqueiras internacionais	251.572	353.412	407.165	435.024	377.153
TOTAL	677.292	802.981	801.633	889.254	829.892

A evolución da facturación do sector pesqueiro segue unha liña positiva. Ao longo do período 2011-2019 rexistrouse un incremento do 22,5 % equivalente a un crecemento anual do 2,5 % (os datos económicos da edición 2011 refírense ao ano 2010, e os datos económicos da edición 2013 refírense ao ano 2012). Se atendemos á súa distribución por estratos, as subidas máis importantes producíronse no estrato das pesqueiras internacionais (5,6 % anual, aínda que a facturación total no 2019 baixou respecto a 2017 neste estrato), e no de artes menores dentro do caladoiro nacional (5,9 % anual).

Se nos fixamos na evolución da facturación por persoa ocupada, estes resultados son aínda máis positivos. Ao longo de todo o período 2011-2019 a facturación por persoa ocupada creceu un 53,6 %, equivalente a un ritmo do 6 % anual. O crecemento é xeneralizado en todos os estratos, pero especialmente destacable nos estratos de pesqueiras internacionais (12,6 % anual) e de artes menores no caladoiro nacional (9,2 % anual).

Táboa nº24. Evolución da facturación por persoa ocupada na pesca extractiva por estrato.

CALADOIRO	€ / Persoa ocupada				
	2011	2013	2015	2017	2019
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	24.591	28.599	31.145	34.090	34.285
Artes menores	11.522	11.257	16.077	18.582	21.008
Resto	54.780	63.944	62.816	71.414	66.276
Pesqueiras comunitarias	104.585	123.810	119.536	125.377	138.073
Pesqueiras internacionais	186.212	181.144	377.005	437.097	396.935
TOTAL	49.326	60.452	75.377	78.162	75.783

3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

**Táboa nº25. Facturación media na acuicultura por establecemento.
Ano 2019**

Establecemento	Facturación		N.º ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles €	%	N.º	%	
Bateas	130.206	51,1 %	4.039	71,8 %	32.237
Parques de cultivo	15.379	6,0 %	801	14,2 %	19.199
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	109.006	42,8 %	782	13,9 %	139.394
TOTAL	254.591	100,0 %	5.622	100,0 %	45.285

Se facemos un exercicio similar ao que fixemos na pesca extractiva e analizamos a facturación en función do estrato, podemos observar que, representando as bateas o 71,8 % da ocupación total do sector, aportan pouco máis da metade da facturación total, mentres que os criadeiros, granxas, gaiolas ou liñas de cultivo achegan o 42,8 % do sector a pesares de ocupar só ao 13,9 % dos traballadores e traballadoras do sector. Finalmente, a facturación dos parques de cultivo representa só o 6,0 % restante a pesares de empregar ao 14,2 % da poboación ocupada na acuicultura.

Con respecto a 2017 a distribución sofre lixeiros trocos. O subsector de parques de cultivo gañou parte da relevancia perdida no 2017 na acuicultura galega. Cómpre salientar a evolución positiva da cifra de negocios no período 2017-19 no estrato destas empresas, pasando dunha facturación do 3,3 % no 2017 ao 6,0 % no ano 2019.

Táboa nº26. Evolución da facturación na acuicultura por estrato.

ESTABLECEMENTO	Facturación total (miles de euros)				
	2011	2013	2015	2017	2019
Bateas	159.131	116.707	136.831	133.874	130.206
Parques de cultivo	10.531	16.084	18.122	8.449	15.379
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	106.714	84.901	92.979	114.699	109.006
TOTAL	276.376	217.692	247.932	257.022	254.591

En liñas xerais e despois da subida no período 2011-2017, no ano 2019 produciuse un lixeiro retroceso da facturación agás no caso dos parques de cultivo. No referente ao ingreso por persoa tamén se aprecia un retroceso, aínda que segue manterse en niveis superiores a 2013 e 2015.

Táboa nº27. Evolución da facturación por persoa ocupada na acuicultura por estrato.

ESTABLECEMENTO	€ / Persoa ocupada				
	2011	2013	2015	2017	2019
Bateas	34.505	27.840	30.985	34.415	32.237
Parques de cultivo	14.845	20.541	20.457	12.686	19.199
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	163.067	118.072	143.596	170.366	139.394
TOTAL	46.250	38.231	41.674	49.151	45.285

ÍNDICE DE TÁBOAS

TÁBOA Nº1. TAMAÑOS DE POBOACIÓN E MOSTRA DOS SECTORES DA PESCA EXTRACTIVA E ACUICULTURA. ANO 2019	9
TÁBOA Nº2. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO/TIPO DE PESCA. ANO 2019	15
TÁBOA Nº3. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO. COMPARATIVA 2017-2019	17
TÁBOA Nº4. EVOLUCIÓN DA OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	18
TÁBOA Nº5. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR XÉNERO. ANO 2019	19
TÁBOA Nº6. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	20
TÁBOA Nº7. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR TRAMOS DE IDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	22
TÁBOA Nº8. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO E NACIONALIDADE. ANO 2019	23
TÁBOA Nº9. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR NACIONALIDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	24
TÁBOA Nº10. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO TIPO DE PESCA E PROVINCIA. ANO 2019	25
TÁBOA Nº11. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2019	26
TÁBOA Nº12. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR SITUACIÓN PROFESIONAL	27
TÁBOA Nº13. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR ESTRATO. ANO 2019	29
TÁBOA Nº14. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO. COMPARATIVA 2017-2019	29
TÁBOA Nº15. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR ESTRATO	30
TÁBOA Nº16. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO E XENERO. ANO 2019	31
TÁBOA Nº17. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TRAMOS DE IDADE. ANO 2019	32
TÁBOA Nº18. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA	32
TÁBOA Nº19. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR NACIONALIDADE. ANO 2019	33
TÁBOA Nº20. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO E SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2019	34
TÁBOA Nº21. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR SITUACIÓN PROFESIONAL	36
TÁBOA Nº22. FACTURACIÓN MEDIA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO. ANO 2019	37
TÁBOA Nº23. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	39
TÁBOA Nº24. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN POR PERSOA OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	40
TÁBOA Nº25. FACTURACIÓN MEDIA NA ACUICULTURA POR ESTABLECEMENTO. ANO 2019	41
TÁBOA Nº26. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA POR ESTRATO	41
TÁBOA Nº27. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN POR PERSOA OCUPADA NA ACUICULTURA MARIÑA POR ESTRATO	42

ÍNDICE DE GRÁFICOS

GRÁFICO Nº1. TAMAÑOS DE POBOACIÓN E REPRESENTATIVIDADE DA MOSTRA NOS SECTORES DA PESCA EXTRACTIVA E ACUICULTURA. ANO 2019	10
GRÁFICO Nº2. TRIPULANTES POR ESTRATO. ANO 2019	16
GRÁFICO Nº3. EVOLUCIÓN DA OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO	18
GRÁFICO Nº4. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR TRAMO DE IDADE. ANO 2019	21
GRÁFICO Nº5. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR NACIONALIDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA. ANO 2019	24
GRÁFICO Nº6. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR SITUACIÓN PROFESIONAL PARA CADA TIPO DE ESTABLECEMENTO ANO 2019	35
GRÁFICO Nº7. EUROS POR PERSONA OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA. ANO 2019	38

 Xacobeo 2021

galicia



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)



XUNTA
DE GALICIA